

**materia**

Organización e Economía da Empresa

unidade didáctica 3

# Fundamentos de contabilidade e os estados contables

Pablo Durán Santomil

Departamento de Economía Financeira e Contabilidade  
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

titulación

Grao en Enxeñaría Química



VICERREITORÍA DE EXTENSIÓN  
UNIVERSITARIA, CULTURA E SOCIEDADE





unidade didáctica 3

# **Fundamentos de contabilidade e os estados contables**

Pablo Durán Santomil  
Departamento de Economía Financeira e Contabilidade  
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais



© Universidade de Santiago de Compostela, 2011

**Deseño**

Unidixital

**Edita**

Vicerreitoría de Extensión Universitaria,  
Cultura e Sociedade da  
Universidade de Santiago de Compostela  
Servizo de Publicacións  
da Universidade de Santiago de Compostela

**Imprime**

Unidixital

Servizo de Edición Dixital da  
Universidade de Santiago de Compostela

**Dep. Legal:** C 266-2011

**ISBN** 978-84-9887-564-5

ADVERTENCIA LEGAL: reservados todos os dereitos.  
Queda prohibida a duplicación, total ou parcial desta  
obra, en calquera forma ou por calquera medio (elec-  
trónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen  
consentimento expreso por escrito dos editores.

**MATERIA: Organización e Economía da Empresa**

**TITULACIÓN: Grao en Enxeñaría Química**

**PROGRAMA XERAL DO CURSO**

Localización da presente unidade didáctica

**Unidade I. Actividade económica e empresa: o papel da contabilidade e as finanzas.**

**Unidade II. Fundamentos de cálculo financeiro e métodos de avaliación e selección de investimentos.**

**Unidade III. Fundamentos de Contabilidade e os Estados contables**

As grandes masas patrimoniais

As contas anuais

Os feitos contables e o funcionamento das contas

O ciclo contable ou proceso de contabilización

**Unidade didáctica IV. Interpretación e análise da información financeira**

**Unidade didáctica V. Liñas básicas de elaboración e uso dos orzamentos e as fontes de financiamento na empresa.**

**Unidade didáctica VI. Análise do risco económico e financeiro.**



## ÍNDICE

---

<b>Presentación</b> .....	7
<b>Palabras clave</b> .....	7
<b>Os obxectivos</b> .....	7
<b>A metodoloxía</b> .....	8
<b>Os contidos</b> .....	8
1. As grandes masas patrimoniais .....	9
2. As contas anuais .....	10
2.1. Estado de cambios no patrimonio neto .....	10
2.2. Estado de fluxos de efectivo .....	10
2.3. Memoria .....	11
2.4. O Balance .....	11
2.5. Conta de Perdas e Ganancias .....	13
3. Os feitos contables e o funcionamento das contas .....	14
4. O ciclo contable ou proceso de contabilización .....	15
<b>Actividades propostas</b> .....	16
<b>Avaliación</b> .....	18
<b>Bibliografía</b> .....	19



## **PRESENTACIÓN**

---

A contabilidade financeira trata de dar resposta ás necesidades de comunicación entre os distintos suxeitos interesados na situación económica dunha empresa. Estuda a evolución da situación financeira da empresa mediante o rexistro das transaccións da empresa có mundo exterior. Ao mesmo tempo, tamén cumpre coas obrigas legais de elaboración das contas anuais.

Esta unidade didáctica forma parte da materia de Organización e Economía da Empresa impartida no segundo curso do Grao en Enxeñaría Química. Destínase a conceptos básicos e introdutorios da contabilidade. Unha vez realizada a introdución e manexo dos alumnos cos aspectos básicos das finanzas, nesta unidade iníciase o estudo dos aspectos máis xerais da contabilidade. Deste xeito, esta unidade é importante para a formación do alumno ao permitirlle unha maior comprensión do funcionamento contable dunha empresa, ao tempo que resulta necesaria para o correcto desenvolvemento das unidades posteriores. En canto á duración, está deseñada para ser desenvolvida nunhas 15 horas expositivas e interactivas.

## **PALABRAS CHAVE**

---

Resultado, patrimonio empresarial, activo, pasivo, neto, feitos contables, partida dobre, Plan Xeral Contable, libro diario, libro maior, balance, contas anuais.

## **OS OBXECTIVOS**

---

Esta unidade didáctica contribuiría á consecución dos seguintes obxectivos xerais:

- Proporcionar os coñecementos necesarios para o uso da información contable como base para a planificación e o control.
- Valorar a importancia da función da contabilidade na empresa.

En canto aos obxectivos específicos, nesta unidade preténdese:

- Comprender o funcionamento do sistema contable.
- Identificar, clasificar e rexistrar os principais rexistros contables que se dan a miúdo nunha empresa.
- Identificar as contas anuais dunha empresa.
- Describir a composición principal do patrimonio e do resultado dunha empresa
- Recoñecer as principais Contas do Balance e da conta de Perdas e Ganancias.

## A METODOLOXÍA

---

A metodoloxía empregada nesta unidade didáctica será semellante ás das outras unidades desta materia. En primeiro lugar, realizarase unha explicación dos contidos teóricos por parte do profesor mediante lección maxistral. Os principios teóricos e os conceptos fundamentais da unidade desenvolveranse nas clases expositivas da materia, proxectando na aula unha presentación. Ao mesmo tempo fomentará o interese dos alumnos mediante a busca dos alumnos de información aparecida nos medios de comunicación e relacionada co tema, co fin de que o alumno comprobe que os conceptos que se imparten teñen unha correspondencia absoluta coa realidade.

Nunha segunda etapa o profesor realizará exemplos prácticos dos contidos abordados e aclarará as dúbidas que poidan xurdir. Deste xeito trátase de reforzar a aprendizaxe dos aspectos teóricos tratados e darlles contido. Para o seguimento das devanditas clases, os estudantes disporán do material didáctico a través da plataforma virtual da USC (*Blackboard*).

Posteriormente os alumnos deberán realizar os exercicios propostos que se colgarán na plataforma virtual. Estas actividades desenvolveranse nas clases interativas, parte terán que ser resoltas de forma individual e parte en talleres de grupo. Posteriormente fomentárase o debate e establecemento de discusións sobre os resultados obtidos polos alumnos.

Finalmente, o profesor proporá diversas actividades de traballo persoal do alumno, nas que se poderá asistir ás titorías para resolver os problemas que poidan acontecer. As titorías establécense co fin de contribuír ao seguimento do proceso de aprendizaxe do alumno en función das súas necesidades.

## OS CONTIDOS

---

A Contabilidade é un sistema de información para a toma de decisións que permitan aumentar o rendemento económico dunha empresa. Existen múltiples divisións da contabilidade, nesta materia expóñense os fundamentos da contabilidade financeira ou externa. Esta ten como principal obxectivo o rexistro das relacións externas da empresa co fin de determinar o resultado e o seu patrimonio.

As empresas requiren dun patrimonio para levar a cabo a produción de bens e servizos. Dito patrimonio componse do conxunto de bens, dereitos e obrigas, susceptibles de ser expresados en unidades monetarias que ten nun momento determinado para o desenvolvemento da súa actividade. Deste xeito, pódese afirmar que o patrimonio será o valor total dos bens e dereitos que ten menos as obrigas ou débedas que ten que pagar:

$$\text{Patrimonio} = (\text{Bens} + \text{Dereitos}) - \text{Obrigas}$$

Pola contra, o resultado dun período mide a variación experimentada polo valor do patrimonio ao longo dun período de tempo. Na práctica, determinarase como a diferenza entre os ingresos obtidos nese período e os gastos do mesmo:

$$\text{Resultado} = \text{Ingresos} - \text{Gastos}$$

## 1. As grandes masas patrimoniais

Existen tres grandes masas patrimoniais os activos, os pasivos e o patrimonio neto ou neto. O Activo estaría formado polos bens e dereitos da empresa, o pasivo polas obrigas e o neto é a diferenza entre as dúas masas anteriores. Deste xeito xorde a ecuación patrimonial dunha compañía:

$$\text{Activo} = \text{Pasivo} + \text{Neto}$$

A parte do activo recolle as Investimentos a curto e a longo prazo da empresa, que constitúen a estrutura económica. O pasivo e o patrimonio neto recollen as fontes de financiamento allea e propia respectivamente, polo que forma a estrutura financeira da empresa.

Cada unha das grandes masas anteriores está composta por elementos patrimoniais. A uniformación para tódalas empresas da denominación dos elementos patrimoniais conséguese a través do Plan Xeral de Contabilidade<sup>1</sup> (PGC nas súas siglas en español). O PGC é un conxunto de normas que fixan os procedementos e métodos que se deben seguir no rexistro da actividade económica dunha empresa. A súa utilización é obrigatoria polas empresas españolas tanto nas súas actividades nacionais coma internacionais. O Plan actual proporciona as seguintes definicións para as tres grandes masas patrimoniais:

- Activos: bens, dereitos e outros recursos controlados economicamente pola empresa resultantes de sucesos pasados, dos que se espera que a empresa obteña beneficios ou rendementos económicos nun futuro.
- Pasivos: obrigas actuais xurdidas como consecuencia de sucesos pasados, para cuxa extinción a empresa espera desprenderse de recursos que poidan producir beneficios ou rendementos económicos no futuro. Para estes efectos, enténdense incluídas as provisións.
- Patrimonio neto: constitúe a parte residual dos activos da empresa, unha vez deducidos tódolos seus pasivos. Inclúe as achegas realizadas, xa sexa no momento da súa constitución ou noutros

---

<sup>1</sup> A última reforma do Plan (ano 2007) responde á necesidade de estandarización e normalización da información contable das empresas españolas seguindo as directrices marcadas polos principais organismos internacionais. O Plan Xeral de Contabilidade entrou en vigor o pasado 1 de xaneiro de 2008.

posteriores, polos seus socios ou propietarios, que non teñan a consideración de pasivos, así como os resultados acumulados ou outras variacións que lle afecten.

## 2. As contas anuais

As contas anuais do PGC son o balance, a conta de perdas e ganancias (P e G), o estado de cambios no patrimonio neto (ECPN), o estado de fluxos de efectivo (EFE) e a memoria<sup>2</sup>. Estes documentos forman unha unidade e teñen a finalidade de amosar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da empresa. En xeral as contas anuais elaboraranse cunha periodicidade de doce meses, formulándose no prazo máximo de tres meses que se deben contar desde a data de peche do exercicio.

Establécense modelos abreviados de contas anuais para compañías que cumpran determinados criterios que se mostran a continuación.

Límites	Balance, memoria e ECPN	Perdas e Ganancias
Total activo	< 2.850.000 €	< 11.400.000 €
Cifra anual de negocios	< 5.700.000 €	< 22.800.000 €
Número medio de traballadores	< 50	< 250

### 2.1. Estado de cambios no patrimonio neto

O Estado de cambios no patrimonio neto e o estado de fluxos de efectivo son dúas novas contas anuais que se incorporaron na reforma do ano 2007.

O ECPN divídese en dúas partes:

- Estado de ingresos e gastos recoñecidos.
- Estado total de cambios no patrimonio neto.

### 2.2. Estado de fluxos de efectivo

O Estado de fluxos de efectivo informa sobre a utilización dos activos monetarios representativos de efectivo e outros activos líquidos equivalentes clasificando os movementos por actividades e indicando a

---

<sup>2</sup> Cabe destacar que tamén no ano 2007 tamén se establece o PGC de Pemes (Pequenas e Medianas Empresas) que presenta unha estrutura idéntica ao PGC pero reduce os seus contidos. Deste xeito establécese que as pequenas e medianas empresas poden acollerse voluntariamente a modelos simplificados do balance, a conta de perdas e ganancias, o ECPN de Pemes e a memoria, e non teñen que elaborar o EFE.

variación neta de dita magnitude no exercicio. O EFE establece tres clases de fluxos de efectivo:

- Fluxos de efectivo das actividades de explotación (FEAE).
- Fluxos de efectivo das actividades de investimento (FEAI).
- Fluxos de efectivo das actividades de financiamento (FEAF).

### 2.3. Memoria

A memoria completa amplía e comenta a información contida nos outros documentos que integran as contas anuais. No seu contido establécense aspectos coma a actividade da empresa, a aplicación do resultado da compañía, as normas de rexistro e elaboración, etc.

### 2.4. O Balance

O balance de situación é a fotografía ou representación do patrimonio nun momento dado. Na figura inferior represéntase o balance de situación dunha compañía e as principais subdivisións das masas patrimoniais. Ao longo do ano a compañía elaborará balances de comprobación para verificar a corrección da contabilidade da empresa. Nos tres meses seguintes ao peche do exercicio económico (normalmente o último día do ano natural) a empresa ten que elaborar as contas anuais onde se engloba o balance ao peche do exercicio. Este ten a mesma estrutura que o balance de situación e permite a obtención de datos fieis que garanten o rexistro dos feitos contables producidos durante todo o exercicio económico.

ACTIVO		PASIVO	
A) NON CORRENTE		A) PATRIMONIO NETO	
B) CORRENTE		FM	B) NON CORRENTE
			C) CORRENTE

O pasivo non corrente xunto co patrimonio neto forman o que se denomina financiamento básico ou a longo prazo dunha empresa. Ditos recursos destínanse en xeral a financiar o activo non corrente e a cubrir unha marxe razoable do corrente. Desta forma xorde o fondo de manobra (FM) ou capital circulante, que se define como aquela parte do Activo corrente financiado con recursos a longo prazo. Na práctica pódese calcular das seguintes dúas formas:

$$\text{Fondo de Manobra (FM)} = \text{Activo Corrente} - \text{Pasivo Corrente}$$

$$\text{FM} = (\text{Patrimonio Neto} + \text{Pasivo non Corrente}) - \text{Activo non Corrente}$$

A continuación procederemos a describir as principais masas patrimoniais, empezando polo activo. Os bens e dereitos que se encontran no activo dunha empresa clasifícanse en dúas grandes masas patrimoniais segundo o seu vencemento: a longo prazo (activo non corrente) ou curto prazo (activo corrente).

O activo non corrente está composto fundamentalmente de bens materiais (por exemplo o inmovilizado material) e dereitos intanxibles (por exemplo o inmovilizado inmaterial ou o inmovilizado financeiro) destinados a servir a empresa de forma duradeira (> 12 meses). A estrutura do novo PGC pode verse na figura inferior.

A) ACTIVO NON CORRENTE	I)	Inmovilizado intanxible
	II)	Inmovilizado material
	III)	Investimentos inmobiliarios
	IV)	Investimentos en empresas do grupo e asociadas
	V)	Investimentos financeiros a longo prazo
	VI)	Activos por imposto diferidos

O activo corrente (véxase a súa estrutura na figura inferior) estará constituído polos activos que a empresa espera vender, consumir ou realizar no transcurso do ciclo normal de explotación (xeralmente < 1 ano).

B) ACTIVO CORRENTE	I)	Activo non corrente mantido para a venda
	II)	Existencias
	III)	Debedores comerciais e outras contas a cobrar
	IV)	Investimentos en empresas do grupo e asociadas a curto prazo
	V)	Investimentos financeiros a curto prazo
	VI)	Periodificacións a curto prazo
	VII)	Efectivo e outros activos líquidos equivalentes

O patrimonio neto é a diferenza do activo e pasivo dunha compañía, e con carácter xeral, o seu valor está composto fundamentalmente polos fondos propios da compañía (achegas comprometidas dos propietarios e os resultados xerados como consecuencia da actividade pasada da empresa). A súa composición concreta pódese apreciar na figura inferior.

A) PATRIMONIO NETO	A-1)	Fondos propios
	A-2)	Axustes por cambios de valor
	A-3)	Subvencións, doazóns e legados recibidos

Os pasivos ou obrigas da empresa, ao igual que os activos, tamén se encontran clasificados segundo a súa data de vencemento. Neste senso o pasivo corrente está formado polas obrigas que a empresa espera liquidar no transcurso do ciclo normal de explotación, pertencendo o resto ao pasivo non corrente. A continuación móstranse a estrutura exacta do pasivo non corrente e do pasivo corrente:

<b>B) PASIVO NON CORRENTE</b>	I)	Provisións a longo prazo
	II)	Débedas a longo prazo
	III)	Débedas con empresas do grupo e asociadas a longo prazo
	IV)	Pasivos por impostos diferidos
	V)	Periodificacións a longo prazo

<b>C) PASIVO CORRENTE</b>	I)	Pasivos vinculados con activos non correntes mantidos para a venda
	II)	Provisións a curto prazo
	III)	Débedas a curto prazo
	IV)	Débedas con empresas do grupo e asociadas a curto prazo
	V)	Acredores comerciais e outras contas a pagar
	VI)	Periodificacións a curto prazo

## 2.5. Conta de Perdas e Ganancias

A conta de perdas e ganancias recolle o resultado do exercicio, formado polos ingresos e gastos do mesmo clasificados de acordo coa súa natureza. deste xeito:

$$\begin{aligned} \text{Ingresos} > \text{Gastos} &\rightarrow \text{Beneficios} \\ \text{Ingresos} < \text{Gastos} &\rightarrow \text{Perdas} \end{aligned}$$

O novo Plan contable proporciona as seguintes definicións de ingresos e Gastos:

- Ingresos: incrementos no patrimonio neto da empresa durante o exercicio, xa sexa en forma de entradas ou aumentos no valor dos activos, ou de diminución do pasivos, sempre que non teñan a súa orixe en achegas dos socios ou propietarios.
- Gastos: diminucións no patrimonio neto da empresa durante o exercicio, xa sexa en forma de saídas ou diminucións no valor dos activos, ou de recoñecemento ou aumento do valor dos pasivos, sempre que non teñan a súa orixe en distribucións aos socios ou propietarios.

No novo PGC distínguense dous grandes apartados no cálculo do resultado: as operacións continuadas e as operacións interrompidas.

A) Operacións continuadas
A.1) Resultado de explotación + Vendas e outros ingresos de explotación - Gastos de explotación
A.2) Resultado financeiro + Ingresos financeiros - Gastos financeiros
A.3) Resultado antes de impostos (A.1 + A.2)
17. Imposto sobre beneficios
A.4) Resultado do exercicio procedente de operacións continuadas (A.3 + 17)
B) Operacións interrompidas
18. Resultado do exercicio procedente de operacións interrompidas neto de impostos
A.5) Resultado do exercicio (A.4 + 18)

### 3. Os feitos contables e o funcionamento das contas: o cadro de contas do PGC

Os feitos contables son o proceso de rexistro na contabilidade dos feitos económicos da empresa que poden afectar ao seu patrimonio. O principio da partida dobre establece que todo feito contable produce un dobre efecto no patrimonio dunha empresa que medido en unidades monetarias alcanza a mesma contía. Desta forma a valoración monetaria dos empregos será igual á valoración monetaria dos recursos.

Empregos – Recursos  
Aplicación – Orixe  
Entrada – Saída  
Debe – Haber

A modo de exemplo, cando se constitúe unha compañía os cartos achegados polos propietarios representan o emprego e o recurso e o elemento patrimonial que representa a achega dos socios.

Banco (Emprego) – Capital social (Recurso)

Posteriormente se compramos un elemento de inmovilizado este será o emprego e os cartos cos que se paga será o recurso:

Inmovilizado (Emprego) – Banco (Recurso)

A conta pódese definir como un estado representativo da situación e evolución dun elemento patrimonial. O seu funcionamento resúmese da seguinte maneira:

- As contas de activo rexistran o seu saldo inicial e os seus aumentos (entradas) no Debe e as súas diminucións (saídas) no Haber.

- As contas de pasivo ou neto rexistran o seu saldo inicial e os seus aumentos no Haber e as súas diminucións no Debe.
- As contas de gastos rexistrarán os seus aumentos no Debe, mentres que as de ingresos fano no Haber.

Cargos	Aboamentos
- Valor inicial e aumentos dos Activos	- Valor inicial e aumentos dos pasivos e neto
- Diminucións dos pasivos e do neto	- Diminucións dos activos
- Gastos do exercicio	- Ingresos do exercicio

Deste xeito as contas de activo teñen saldo debedor e as contas de pasivo e neto teñen saldo acreedor. Na figura inferior móstrase o Debe e Haber dunha conta, que se representa mediante un T no que na parte superior figura o seu código e a súa denominación.

Debe	101 Capital Social	Haber

As contas do PGC están ordenadas nunha serie de grupos máis ou menos homoxéneos. Os grupos do novo PGC son:

Grupos PGC	1. Financiamento Básico
	2. Activo non corrente
	3. Existencias
	4. Acredores e debedores por operacións comerciais
	5. Contas financeiras
	6. Compras e Gastos
	7. Ventas e ingresos
	8. Gastos imputados ao patrimonio neto
	9. Ingresos imputados ao patrimonio neto

Polo tanto o grupo ten un dígito, e dentro de cada grupo establécense subgrupos (2 díxitos), contas (3 díxitos) e subcontas (4 ou máis díxitos). A modo de exemplo unha maquinaria de corte que teña a empresa estará no grupo 2. Activo non corrente, subgrupo 21 Inmobilizacións materiais, conta 213 Maquinaria e subconta 2131 Maquinaria de corte.

#### 4. O ciclo contable ou proceso de contabilización

Para representar o patrimonio dunha empresa é necesaria a realización dunha serie de etapas que forman o ciclo contable dunha empresa ou proceso de contabilización. A apertura da contabilidade comeza co balance de situación inicial da empresa no que se recolle o patrimonio da empresa a comezos de ano. Ao longo dos seguintes meses rexístranse os feitos

contables no libro diario e resúmense os movementos de cada conta no libro maior. Finalmente, despois da realización dos axustes e da regularización de contas na data de peche, a empresa formulará os estados finais ou contas anuais:

<i>Data</i>	<i>Fase</i>	<i>Carácter</i>
1 Xaneiro	Balance de situación inicial	Estático
Xaneiro	Diario	Dinámico
...	Maior	
Decembro	Balance de comprobación	
31 Decembro	Peche da Contabilidade	Estático

## **ACTIVIDADES PROPOSTAS**

Dividimos as actividades que se van realizar entre aquelas que pretenden valorar os coñecementos previos do alumnado e motivar o interese por esta unidade didáctica e aquelas outras que pretenden desenvolver os seus contidos prácticos.

*Actividades de coñecementos previos e motivación:*

1. Busca de información na Internet e breve debate sobre o caso Enron e WorldCom.
2. Verificación de coñecementos previos mediante a elaboración dun cuestionario sobre conceptos básicos desta unidade.

*Actividades de desenvolvemento:*

1. Citar exemplos de elementos do patrimonio dunha empresa química.
2. Identificar cada un dos elementos do patrimonio (bens, dereitos e obrigas) dunha empresa:
  - Ordenadores
  - Local propio
  - Facturas pendentes de cobro
  - Letras de cambio pendentes de pago
3. Calcular o total de activo, pasivo e patrimonio neto dunha empresa que presenta os seguintes datos:
  - Cartos na caixa ou no banco: 1.000 €
  - Local propio: 100.000 €
  - Mobiliario: 5.000 €
  - Maquinaria: 1.000 €
  - Préstamo bancario: 105.000 €
  - Existencias: 5.000 €
  - Facturas pendentes de pago: 2.000 €

- Letras de cambio pendentes de cobro: 1.000 €
4. Calcular tendo en conta os datos do exercicio anterior o activo corrente, pasivo corrente e o fondo de manobra da empresa.
5. Clasificar os seguintes elementos patrimoniais:
- Capital, reservas, resultado do exercicio.
  - Débedas a longo prazo con entidades de crédito, outras débedas a longo prazo.
  - Débedas a curto prazo con entidades de crédito, outras débedas a curto prazo, provedores, outros acredores.
  - Inmovilizado intanxible, inmovilizado inmaterial, investimentos inmobiliarios.
  - Clientes por vendas e prestación de servizos.
6. Clasificar coa axuda do PGC as seguintes contas patrimoniais:
- Reserva legal, reserva voluntaria, capital social, subvencións oficiais de capital.
  - Provisións para impostos, efectos para pagar a longo prazo, obrigas e bonos.
  - Terreos e bens naturais, maquinaria, aplicacións informáticas, investimentos en terreos e bens naturais.
  - Mercadorías, materias primas, envases, produtos en curso, produtos terminados, residuos, clientes (moeda estranxeira), clientes efectos comerciais para cobrar.
  - Provedores, acredores por prestación de servizos, acredores efectos comerciais para pagar.
7. Calcular o resultado antes de impostos e o resultado do exercicio dados os seguintes datos (o imposto sobre beneficios é do 25%):
- Amortización do inmovilizado: 1.000 €
  - Outros gastos de explotación: 500 €
  - Gastos de persoal: 2.000 €
  - Gastos financeiros: 500 €
  - Consumo de mercadorías: 1.000 €
  - Vendas netas: 5.000 €
8. Poñer exemplos de feitos contables que afecten a partidas de activo, pasivo, neto, ingresos e gastos.
9. Identificar o tipo de contas que interveñen nos seguintes asentos contables.
- Compra dunha máquina pagándoa en efectivo.
  - Compra dunha máquina que se financia coa concesión dun préstamo.
  - Venda da máquina cobrando en efectivo.
  - Compra de mercadorías pagándoa en efectivo.
  - Compra de mercadorías quedando a deber os provedores.
  - Venda de mercadorías a clientes cobrando en efectivo.

- Venda de mercadorías a clientes quedando pendentes de cobro.

10. En grupos reducidos buscar no cadro de contas do PGC as seguintes contas, razoando a pertenza o seu grupo: provedores, mercadorías, materias primas, capital social, débedas a longo prazo con entidades de crédito, construcións, clientes, caixa (euros), compras de mercadorías, Imposto sobre beneficios, soldos e salarios, vendas de mercadorías.

11. Realiza as seguintes anotacións no libro diario, libro maior e elabora o balance e a conta de perdas e ganancias dunha empresa cuxo patrimonio inicial é o seguinte:

Activo	Importe	Pasivo e Neto	Importe
Maquinaria	500 €	Capital	1.000 €
Local	500 €	Débedas a l/p	1.500 €
Banco	2.000 €	Provedores	500 €

E que ao longo do exercicio realiza as seguintes operacións:

- Compra de mercadorías por 1.000 € quedando a deber aos provedores.
- Venda das anteriores mercadorías por 1.500 € quedando pendentes de cobro polos clientes.
- Pagamos os provedores a débeda do período anterior máis a deste ano.
- Os clientes págannos a súa débeda.
- Pagamos gastos de persoal por 200 €.
- Pagamos gastos de subministracións (luz, auga, etc.) por 100 €.

## **AVALIACIÓN**

---

A avaliación desta unidade didáctica será realizada en tres etapas:

- Na primeira etapa realízase a avaliación inicial que tratará sobre os coñecementos previos dos alumnos para observar se estes son adecuados e suficientes. Para levar a cabo esta tarefa realizarase un debate aberto na clase o primeiro día.
- A segunda etapa será a avaliación procesual. Esta será unha avaliación continua co fin de detectar as dificultades de aprendizaxe dos alumnos. O profesor supervisará os exercicios feitos na clase ou propostos para facer na casa tanto de xeito presencial na aula como a través dos recursos informáticos (correo electrónico e Blackboard).
- Por último, realizarase unha avaliación final para constatar os resultados obtidos polos alumnos nesta unidade didáctica. Como se establece no programa da materia o sistema de avaliación engloba dous elementos. O primeiro, un exame final (70% da cualificación) que consistirá nunha proba escrita composta dunha parte teórica e dun ou varios exercicios prácticos. O segundo elemento son os

traballos propostos realizados en grupo e outras actividades prácticas (30% da cualificación).

## **BIBLIOGRAFÍA**

---

- LARRÁN JORGE, M. (2009): *Fundamentos de contabilidad financiera. Teoría y práctica*, Ed. Pirámide, Madrid.
- ARCHEL DOMENCH, P., F.E. LIZARRAGA DALLO e S. SÁNCHEZ ALEGRÍA (2008): *Estados contables. Elaboración, análisis e interpretación*. Ed. Pirámide, Madrid.
- REAL DECRETO 1514/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan xeral de contabilidade. Dispoñible en [http://boe.es/boe\\_gallego/dias/2007/11/20/pdfs/A00003-00152.pdf](http://boe.es/boe_gallego/dias/2007/11/20/pdfs/A00003-00152.pdf) [Consulta: 08/01/2011].
- REAL DECRETO 1515/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas e os criterios contables específicos para microempresas. Dispoñible en [http://boe.es/boe\\_gallego/dias/2007/11/21/pdfs/A00003-00102.pdf](http://boe.es/boe_gallego/dias/2007/11/21/pdfs/A00003-00102.pdf) [Consulta: 08/01/2011]



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo de profesores e alumnos de todas as materias e titulacións da universidade



SERVIZO DE NORMALIZACIÓN  
LINGÜÍSTICA

